

Cales son os requisitos de acceso para solicitar as axudas de emerxencia social?

- Ser maior de idade.
- Estar empadroado e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación de emerxencia (ingresos non superiores ao 125% do importe do subsidio básico máis o complemento familiar da RISGA que lle correspondería).

En ningún caso se poderá conceder máis dunha axuda ao ano para unha situación de emerxencia social por unidade de convivencia.

